

LXV FESTA DO ALBARIÑO

CAMBADOS, 2 ao 6 de agosto 2017

Declarada de interese turístico nacional
www.cambados.gal

Beatriz López





Fátima Abal Roma

Alcaldesa de Cambados

Cada ano, os cambadeses e cambadesas temos unha cita imprescindible marcada nos nosos almanaques. E é que, cada vez que se aproxima a primeira fin de semana de agosto, esperta en nós un sentimento de ilusión ante a que sen dúbida é a nosa semana máis especial: a Festa do Albariño.

Este ano cúmprense 65 anos dende que, aló polo 1953, una comida entre adegueiros que tiña por finalidade determinar cal era o mellor dos seus viños albariños, dese lugar ao que hoxe é esta festa. Unha efeméride que sen dúbida da idea da enorme historia que se concentra arredor dunha festa que, sen embargo, se mantén máis xoven que nunca, sempre innovando e atraendo á nosa vila cada vez a máis milleiros de visitantes.

Este ano é ademais un ano especial, ao ser declarada Cambados como Cidade Europea do Viño 2017, un acontecemento especialmente significativo para a nosa vila, e que terá como punto culminante unha celebración máis especial se cabe da nosa semana grande.

Quero aproveitar estas liñas para facer un recoñecemento aos veciños e veciñas que ano tras ano fan posible esta celebración, xa que sen o seu esforzo continuado, todo esto sería imposible. Elas e eles son os auténticos protagonistas desta celebración.

O que nestas datas se festexa é o produto dun traballo constante, que vai dende o coidado da uva nos viñedos, pasando pola vendima, procesado e envasado do viño nas adegas, ata ser servido e degustado. Este esforzo, que a tanta xente implica, dende viticultores e xornaleiros a adegueiros e hostaleiros, é o que fai posible que Cambados sexa recoñecido internacionalmente pola excelencia dos seus caldos.

E non só aqueles que viven directamente do albariño, tamén os veciños e veciñas que se adican a outros sectores teñen unha gran relevancia nesta festa. Sería por exemplo moi difícil entender o albariño sen a perfecta maridaxe que acada cos produtos do noso mar. E que dicir da hospitalidade das nosas xentes, que cada ano acollen coa máxima amabilidade aos milleiros de persoas que nos visitan.

Tendo en conta a diversidade de persoas que viven e desfrutan desta festa, dende o Concello traballamos para ofrecer un programa de actividades que conte con gran variedade e dinamismo, con eventos para todos os gustos e para todas as idades, que esperamos que sexa do voso agrado.

Desexando que desfrutedes dunha semana chea de ledicia e de amizade, convídovos a levantar as vosas copas e brindar por Cambados e polo Albariño.

FELICES FESTAS E SAÚDE!

BUDIÑO

MERCEDES PEÓN

Do 1 ao 9 de agosto,
no Pavillón do IES Ramón Cabanillas,
XXXIII Open Internacional de Xadrez

Martes 01 de agosto

día previo ó Albariño

LXV FESTA DO ALBARIÑO

22:30h Praza de Fefiñáns

Budiño

Paralaia 20 Aniversario

Convidada especial **Mercedes Peón**

QUICO CADAVAL

Mércores 02 de agosto

LXV FESTA DO ALBARIÑO

Alborada, comezando na Alameda de San Tomé, a cargo do grupo de música tradicional **Os Xeitosiños**

13:00h Casa do Concello
Pregón a cargp dp actor **Matías Padín Varela**

13:30h Paseo da Calzada
Inauguración da **LXV FESTA DO ALBARIÑO**
Apertura dos postos de degustación

18:00h Monte da Pastora
Quico Cadaval (Condes de Albarei)

SERÁN Paseo da Calzada
Batukada

20:00h Praza do Con
Os Primordiais (Paco&Lola)

21:00h Escalinata San Tomé
Desastronauts (aéreos)

22:00h Praza do Concello
Costa Dorada Orquestra
Duendeneta Disco Móbil

22:30h Praza de Fefiñáns
Espectáculo Coupage
Orquesta de Jazz de Galiza
Convidadas **Wöyza, Carmen París, Nastasia Zürcher, Santiago Auserón, Josemi Carmona, Lilaina**

23:00h Praza Alfredo Brañas
Black Ice Twice

DESASTRONAUTS




Foto: Óscar Martínez



OS PRIMORDIAIS



ORQUESTA DE JAZZ DE GALIZA

caramuxovermello presenta...

CARAMUSHOW

mafia

rythm&free

sospeitas

Llas clab

acción

moita acción...

... e moita música

caramushow

estiveches algunha vez nunha película de gansters?

+info en facebook/caramuxo vermello caramuxovermello@gmail.com



CÁNDIDO PAZÓ



TALABARTE

Xoves 03 de agosto

LXV FESTA DO ALBARIÑO

Alborada, comezando na Alameda de San Tomé, a cargo do grupo de música tradicional **Os Carballeiras**

11:00h Salón de Congresos e Exposicións José Peña
Inauguración da
VII Edición do Túnel do viño e
IV Edición de Catas Temáticas

12:00-14:30h/19:00-21:30h
Túnel Profesional do Viño organizado polo Consello Regulador da D.O. Rías Baixas
Catas Temáticas
(10€/persoa)

12:00h Praza do Concello
Espectáculo Infantil **Dani&Frien Kids**
"A caixiña dos mistos"

18:00h Monte da Pastora
Candido Pazó

SERÁN Paseo da Calzada
Batukada
Os Jalácticos Charanga

20:00h Biblioteca Luís Rei
Isla Le Triska

20:00h Cemiterio Santa Mariña
Talabarte (Condes de Albarei)

22:00h Praza de Alfredo Brañas
Grupo M80 e **Los Antonis**

23:00h Praza do Concello
Nebrasca Orquestra
Caramushow

22:30h Praza de Fefiñáns
Son de Seu


ENTRADA
CAIXIÑA DE MISTOS



ISLA LE TRISKA

SON DE SEU

DABOAPIPA

DANI GARCÍA

Venres 04 de agosto

LXI FESTA DO ALBARIÑO

Alborada, comezando na Alameda de San Tomé, a cargo do grupo de música tradicional **Con de Xido**

MAÑÁN Paseo da Calzada
Os Jalácticos Charanga

12:00-14:30h/19:00-21:30h
Túnel Profesional do Viño organizado polo Consello Regulador da D.O. Rías Baixas
Catas Temáticas
(10€/persoa)

13:30h Praza do Concello
Baile Rexional **Con de Xido**

SERÁN Paseo da Calzada
Batukada
Os Jalácticos Charanga

18:00h Lavadoiro San Roque
Daboapipa (Lavandeiras) (Condes de Albarei)

20:00h Praza do Con
Vaamonde, Lamas e Romero (Paco&Lola)

20:00h Biblioteca Luís Rei
Dani García (Don Gelati)

21:00h Praza de Alfredo Brañas
Sujetos Ilícitos

21:30h Praza de Fefiñáns
Best Boys

22:30h Praza do Concello
Alcázar Grupo
Impacto Disco Móbil

23:00h Praza de Alfredo Brañas
Duendeneta Disco Móbil

23:00h Praza de Fefiñáns
The Waterboys

VAAMONDE, LAMAS E ROMERO

THE WATERBOYS

BEST BOYS

NOITE



FECHADA

Sábado 05 de agosto

LXV FESTA DO ALBARIÑO

Alborada, comezando na Alameda de San Tomé, a cargo do grupo de música tradicional **Volandeira**

10:00h Salón Bazán do Parador de Cambados
Cata Prima

12:00-14:30h/19:00-21:30h
Túnel Profesional do Viño organizado polo Consello Regulador da D.O. Rías Baixas
Catas Temáticas
(10€/persoa)

12:30h Salón de Plenos
Entrega de Premios Concurso Camisetas
Organizado por Zona Centro

13:30h Praza do Concello
Baile Rexional **Volandeira**

SERÁN Paseo da Calzada
Batukada

22:00h Praza de Fefiñáns
Noite Fechada

22:30h Praza do Concello
Grupo **Cosmos** e **Factory** Disco Móbil

23:00h Praza de Alfredo Brañas
Take It Easy

00:00h Praza de Fefiñáns
Heredeiros da Crus

HERED
da Cr



HERDEIROS DA CRUZ

DEIROS
RUS



MARINA PEÑAS CHAVES

BANDA MÚSICA CASTRELO

Domingo 06 de agosto

LXV FESTA DO ALBARIÑO

11:00h Salón Bazán do Parador de Cambados
Cata Derradeira

11:00-13:30h **Túnel Profesional do Viño** organizado polo Consello Regulador da D.O. Rías Baixas (10€/persoa)

12:00h Alborada a cargo do grupo de música tradicional
Xironxa

13:30h Praza do Concello
Baile Rexional **Xironsa**

14:00h Pazo Torrado
Recepción de Autoridades
Distinción de persoeiros e persoeiras

14:00h Pazo Torrado
Xantar do Albariño
Apertura notarial do sobre cos nomes dos viños premiados na LXV Festa do Albariño

22:00h Praza de Fefiñáns
Banda de Música de Castrelo
acompañada da soprano
Marina Peñas Chaves

22:30h Praza do Concello
Grupo **Canela**

00:00h Peirao de Cambados
Gran espectáculo pirotécnico



PREGÓN DE FRANCISCO FERNÁNDEZ REI, ANO 2016

LXIV FESTA DO ALBARIÑO

Sra. alcaldesa,
Sras. concelleiras e sres. concelleiros,
veciñas e veciños de Cambados, do Salnés e doutras terras,
familiares meus,
amigas e amigos,

O evanxelista Lucas puxo na boca de Cristo a coñecidísima expresión de que ninguén é profeta na súa terra. No meu caso recoñezo que este dito bíblico non é verdade, porque o goberno municipal do Partido Popular de Cambados me concedeu a Folla de Prata no Eido de Cultura e Artes Plásticas na Gala do Albariño do 2005; os libreiros do concello outorgáronme o VI Premio Ramón Cabanillas no cincuentenario da morte do poeta de Fefiñáns; os mariñeiros e as mariscadoras do Pósito premiáronme no 2010 coa Vieira de Ouro; e este ano o goberno cuatripartito noméame pregoeiro da Festa do Albariño e o vindeiro domingo entrégame unha das distincións albariñenses, a Folla de Ouro.

Cando Víctor Caamaño, primeiro tenente de alcalde, me comunicou o acordo de ser pregoeiro quedei sen fala, porque nunca tal cousa eu imaxinara; no breve silencio da conversa Víctor díxome que o pensase. De golpe viñéronme á mente ilustres pregoeiros da Festa (Álvaro Cunqueiro, Otero Pedrayo, Filgueira Valverde, Xosé Manuel Beiras, Manuel María, Antón Fraguas, Fernández del Riego...), clásicos da literatura e do ensaio galego, todos cunha vida de entrega á causa de Galicia. Pareciame enorme a responsabilidade e un reto insólito; con todo, sen darlle moitas voltas, díxenlle a Víctor que contasen comigo, que era unha honra inmensa ler o pregón dunha festa que fun vendo como se convertía na máis popular do concello e que se desenvolve en rúas, paseos e prazas que coñezo moi ben por formaren parte do meu escenario vital.

Beizón, pois, alcaldesa e corporación municipal de Cambados, por esta inesperada honra.

1. Síntome orgulloso de nacer e criarme nunha das vilas máis guapas de Galicia, que conta con monumentos como a praza de Fefiñáns e o seu fermoso pazo, praza-corazón de pedra do Cambados monumental, vixiada desde o alto do adro da igrexa de San Bieito por Balboa, ese palanquín que, cando uns borrachos lle arrancaron a cabeza á muller, non baixou a defendela; a torre de San Sadurniño, torre "beira do mar

sobr-os cons / ¡Ti caes pedriña a pedra / y-eu ilusión a ilusión!, como a cantaba Cabanillas; e a igrexa de Santa Mariña, que para Otero Pedrayo ten a fasquía dun barco desarborado e náufrago, que mantén aínda a elegancia da súa estrutura. En diferentes carteis da Festa do Albariño figura un destes emblemas cambadeses: o pazo de Fefiñáns ou o seu famoso arco; a torre de San Sadurniño, co seu espectacular solpor; e Santa Mariña cos arcos sostendo o ar, como dixera Cunqueiro.

Considérome un apaixonado propagandista da riqueza monumental, paisaxística e cultural deste concello desde que no 1977 publiquei os dous meus primeiros artigos, un longo sobre a lingua de Fefiñáns no libro-homenaxe da Universidade de Santiago de Compostela a Cabanillas no centenario do seu nacemento, e un artigo breve no semanario Teima cun título nada orixinal, "Cambados, 'pobre e fidalgo e soñador'", no que falaba desta Festa e dos monumentos de Fefiñáns, Cambados e San Tomé, ese "tríptico gasalleiro de vilas que camiñan pola historia de mans dadas, coma doncelas dun rondel antigo", como as definía Filgueira Valverde no pregón das vodas de prata da Festa do Albariño.

Desde ese ano redactei un bo quiñón de traballos onde total ou parcialmente tratei a lingua e a cultura, sobre todo a mariñeira, deste concello ou aspectos da obra de Ramón Cabanillas; por outra parte, desde hai anos mostreilles *in situ* o meu Cambados a centos e centos de persoas, entre outros, estudantado e profesorado de fóra de Galicia e profesorado galego de secundaria en xornadas de cultura marítima ou en roteiros sobre Cabanillas. O ano pasado este roteiro fíxeno xunto co inesquecible Luís Rei, que foi a derradeira vez que o bo amigo Luís falou en público do poeta das Irmandades da Fala.

Síntome orgulloso de que a maior parte da produción e das plantacións da Denominación de Orixe Rías Baixas estean no Salnés e que os mascaróns de proa da estrutura empresarial de tanta riqueza que xera o albariño sexan dúas grandes cooperativas cambadesas, Martín Códax e Condes de Albarey, con sede en Vilariño e Castrelo, que acollen, como ben sabedes, moitos pequenos viticultores do Salnés. E non menos orgullo sinto polo éxito da experiencia de Adegas Terra de Asorey, que pon en valor o nome do grande escultor cambadés, que a través do viño hoxe navega cara a moi diversos países; unha empresa na que desde o comezo se embarcaron, entre outros, pequenas adegas cambadesas que levan anos etiquetando o seu albariño con nomes tan simbólicos para nós como *Vento mareiro*, título do emblemático poemario de Cabanillas, ou o topónimo *Ouso da Torre*, zona de detrás do monte da Pastora, que hoxe os piñeiros nola impiden ver desde o miradoiro-cruceiro do castro, como tampouco nos deixan ver o Umia, canso, cando se deita nas xunqueiras de Sisán.

2. Nacín cando devalaba o outono do 52 e no verán seguinte comezaba a singradura albariñense. As miñas primeiras lembranzas, aínda que borrosas, comezan despois do 59, cando

o xantar se facía no xardín do pazo de Bazán, no paseo da Calzada, antes de haber o Parador; era unha festa privada, e como coincidía coa da Pastora, o domingo de agosto despois do San Roque, o normal era irmos ó monte da Pastora para cumprir co rito de comer a sandía e gozar desde o miradoiro das vistas do mar da Arousa e do esteiro do Umia.

A mediados dos 60, cando se pasa a Festa para o primeiro domingo de agosto, porque había menos posibilidades de chuvia, empezou a facerse algo máis popular: xa eran dous días e, á parte do elitista xantar, había actividades diversas (tiro ó prato cerca do lavadoiro da ribeira de Fefiñáns, que moito me gorentaba ver; carreiras ciclistas...) e a cata derradeira do viño facíase á vista da xente na Calzada, na praza de Fefiñáns ou na do Concello; e comezou a haber actuacións como a do Ballet Gallego Rey de Viana, daquela con moito prestixio, que inzou a praza vixiada por Balboa. Nunca tal cousa se vira nesta vila.

No meu artigo sobre Cambados do 1977 describia deste xeito a Festa:

> Entre os viños deste val do Salnés, sen dúbida o de máis sona é o Albariño, traído, desde o Rhin alemán no medievo, e ó que se lle dedica unha festa o primeiro domingo de cada agosto, festa feita por e, especialmente, para burgueses, na que o "prato forte" ten un aquel de torneo medieval cando os membros do *Serenísimo Capítulo del Vino Albariño*, entre outros, loitan cos viños presentados ó concurso, mentres o pobo-espectador asiste á loita sen ter nada que pintar nela. E todo cunha musiquiña galega de fondo para lle dar ó asunto unha pinga de enxebreza, sen que falte, claro, a nota folclórica das *niñitas* vestidas de *galleguiñas*. Pero Cambados, corazón do Val do Salnés, non só paga a pena visitalo neses días festeiros, senón calquera día do ano.

Despois das eleccións democráticas do 79, co goberno municipal nacionalista, a Festa segue o ronsel de anos anteriores; pero agora, en palabras do veterano catador Carlos Crespo Alfaya, o acento ponse "no carácter popular e na liquidación do elitismo". Xa son tres días, hai bos concertos de música con grupos punteiros galegos, maratóns populares, regatas de traíñas para recuperar unha tradicion cambadesa e por primeira vez houbo espectáculo pirotécnico como ramo da Festa, mesmo algún combate naval. Xa non facía falta irmos na noite da Pastora a Vilagarcía para ver o seu famoso combate, xa tiñamos fogos acuáticos que saían dos cons das Mos de dentro e do rebastal da Emperghadoira, e así ata este ano.

Na longa xeira de gobernos en Cambados do Partido Popular, a festa foi in crescendo, con maior número de días, con excelentes actuacións musicais que ateigaban a praza de Fefiñáns e cun aumento considerable de visitantes e de adegueiros. En todos estes anos a Festa medrou a medida que o viño medraba en calidade e cantidade, froito da industrialización e da mercantilización. No Albariño do 2001 o patio interior do recente Museo do Viño embeleceuse cunha composición de seis cataviños en pedra de Manolo Paz; e no outono dese ano colocouse a estatua de Baco, de Francisco Leiro, na

praza Ramón Cabanillas de onde retiraron o obelisco para a rotonda da praza de abastos.

Non se concibe o enorme éxito popular desta Festa sen a forte implicación da sociedade cambadesa e, sobre todo, da mocidade e as peñas, cos agudos e retranqueiros lemas nas súas camisolas, desde o pioneiro *Cheghar e encher*. O cartel deste ano, unha copa cun cordel atado ó pescozo, un dos símbolos albariñenses pois milleiros de persoas deambulan así estes dias, ese cartel faille xustiza a Unha Grande Chea, animadora do Albariño desde que os seus membros paseaban co chaleco de gaiteiro e cunha copa pegada ó pescozo cun cordel. O meu veciño trianeiro Quico de Chonita, unha das almas desa heterodoxa comparsa, seguro que anda na procura de Luís Rei para brindaren polo Albariño e por esa idea de Emérita Méndez, autora do cartel co cataviños.

3. Na década de 1950, cando a Festa iniciou a travesía, o albariño era un viño escaso. Despois das pragas do Oidium e do Mildiu, daquela só unhas 200 hectáreas de cepas deste viño se recuperaran ou sobreviviran en fincas de pazos ou de labregos amantes dun viño do que ignoraban o inmenso potencial económico. Hoxe hai máis de 4.000 hectáreas con viña albariña e ninguén nega que se trata dun dos mellores brancos do mundo. Como di o refrán, *onde haberá mellor viño que o que sae das cepas?*

Gran parte da boa imaxe do albariño débeselles ós escritores, particularmente a Cunqueiro. Na literatura galega a primeira documentación deste viño aparece en *Follas novas* de Rosalía de Castro:

> ¡Ouh miña parra de albariñas uvas,
> Que a túa sombra me dás!

Ramón Cabanillas cantouno no poema "Na taberna", de *No desterro* ("Pasa de man en man a xerra roiba / de albariño"), e en "Sono dourado", de *Vento mareiro* ("Todo ó longo da aberta do muíño / tortas e vellas cepas de albariño / cos asios mestos no bendito outono"). En *Da Terra asoballada* publica o coñecido poema "Diante dunha cunca de viño espadeiro", para anos despois, no poema "O casal de Caticovas", cantar o que chamaba "os nosos viños", o loureiro, o caíño, o espadeiro e o albariño:

> Recenden as mazáns sóbor da mesa
> e na brancura do mantel de liño
> as xarras de cristal mostran, ridentes,
> os nosos viños, sagros, recendentes
> a herbaboa, a reseda e a tomiño:
> ¡o esvaído verde do Loureiro,
> os acesos rubís do agre Caíño,
> o sangre roxo e mouro do Espadeiro
> doce e levián como unha canturía,
> e os rebrilos doirados do Albariño,
> saltarín e algareiro,
> que borracho de luz e de alegría
> todo o ouro do sol ten prisioneiro!

Cabanillas, que só asistiu ó xantar do 58, sentía ben pouco entusiasmo por esta Festa, porque o colleu moi velliño; con todo, nos derradeiros anos da vida non deixou de animar a xente a plantar cepas albariñas e a etiquetar o viño. O primeiro que se etiquetara fora o *Palacio de Fefiñanes*.

Álvaro Cunqueiro e o seu amigo José María Castroviejo, asiduos ás catas e xantares albariñenses case desde o inicio, promocionaban na prensa o viño, a Festa e Cambados; e niso embarcaron o prestixioso xornalista e gastrónomo catalán Néstor Luján, que gababa o albariño na revista Destino que dirixía. Moito lle debemos os cambadeses e os cultivadores de albariño a Cunqueiro. O seu pai nacera nesta vila, o avó paterno era do Salnés e a materna da outra banda da ría, da Pobra do Caramiñal.

Pouco despois de comezar a asistir ó xantar do Albariño dedicoulle unha fermosísima cantiga ó mar da Arousa e á dorna, a embarcación emblemática deste mar, que comezaba con esta estrofa:

Si miña señor á i-alba da Arousa beilar
poñereille, belida, un ventiño no mar.
A dorna vai e ven
que meu amor ten!

Na defensa da excelencia do albariño cualificouno de "príncipe dorado de los vinos", o que contribuíu a que o viño do Ribeiro, que era o que representaba a Galicia tradicionalmente, perdese a batalla da imaxe. Vai ser Cunqueiro quen espalle a lenda de que a uva a trouxeron os monxes do Císter no século XII, pois os cistercienses responsabilizábanse do Camiño de Santiago e un dos seus labores era replantar viñas. A min, e a quen non?, encántame a lenda cunqueiriana de que o albariño vén do Rhin ou do Mosela, pero científicamente parece ser que a uva é autóctona de Galicia, co relativo que é falar de autóctono no caso da uva. Puideron traela os romanos, que tiveron asentamento en Cambados, ou os fenicios, que andaron na zona onde desemboca o Umia; pero como dicía o gastrónomo Caius Apicius:

> Al final, que más dá. Cistercienses, romanos, fenicios... Una cosa tengan clarísima: ustedes, si lo desean, **pueden beber hoy unos albariños muchísimo mejores**, incomparablemente mejores que los que pudieran haber bebido los comerciantes fenicios, los legionarios romanos y los monjes benedictinos. Y, aunque todavía queden por ahí algunos nostálgicos, beberán hoy albariños bastante mejores y mejor elaborados que los que bebían sus padres y sus abuelos.

Cunqueiro, que dicía que podía darlle unha volta ó país coa taza cunca do seu apelido na man, tanto amor lle tiña a este viño dourado que na súa honra compuxo un dos caligramas máis famosos da literatura galega, a "Laude do albariño", en forma de copa, a imitación dun poeta francés do século. XVII, Panard, do que dicía que "amaba tanto o viño que os máis dos seus poemas escribíaos medindo os versos de tal xeito que a peza tivese forma de copa, de vaso, de bote-

lla. Cando iba morrer, en forma de xentil copa despediuse dos amigos e do mundo":

Non podemos atopar sobre a terra
nada coma o vaso tan fermoso.
Do tenre amor ao berce
ao caldovivo
que nos fai
ledos.
Que dozura traes
ao corazón do home!
Ven!
Ven!
Ven!
Amante albariño
amigo sempre meu!
Dáte a min
axiña e en sazón.
xa se ve nas túas burbullas
nadar a meirande ledicia, e as risas.

4. Despois da Festa do 73, nunha carta ó alcalde de Cambados Cunqueiro criticaba aspectos organizativos da cata e do xantar, que prefería que fose sinxelo, de romaxe, con sardiñas asadas nun curruncho do parque do Parador, con polbo cocido ó momento e non posto nas mesas ás dez ou once da mañá, á vez que se queixaba da impuntualidade á hora do xantar; e lembraba que o ano anterior, "a las cinco, por mi reloj, sirvieron aquella triste y vacía centolla francesa". Cóntao Benito Leiro na súa amena e documentada historia dos primeiros 50 anos da festa albariñense, que son parte moi importante da recente historia cambadesa.

O camiño de Quita e Pon do mago Merlín deixou de traer a Cunqueiro á festa do Albariño, sentíase "canso y sin humor para salir, ledo como otras veces, al Cambados que tanto quiero -allí nació mi padre- y a catar el vino de que gusto. Pero la verdad, creo que he cumplido con Cambados, con el albariño y con los albariñenses", como lle dicía ó Chanceler do Capítulo do Albariño no 1975 nunha carta que se leu na Festa do 1981, meses despois do seu falecemento.

O ano que deixou de vir ó Albariño, se cadra o seguinte, a casualidade fixo que puidese falar con Cunqueiro por primeira vez. Era eu profesor en Vigo dun curso de verán de español para estranxeiros, invitarámolo a dar unha conferencia e eu tiña que presentalo. Non lembro de que veu falar, pero si que chegou con moita antelación, o que foi para min unha excelente ocasión para falarmos de Cambados, do albariño e doutros viños, e tamen de como eu o vía de mozo nas catas públicas desta Festa, do seu xeito de catar o albariño, cando o tiña só uns metros de min.

Tal cariño tiña pola vila do seu pai (a súa admiración por Cabanillas, a quen substituíu na cadeira da Real Academia Galega, tamén debeu ter que ver co seu profundo amor a Cambados), que cando a comezos da década de 1960 unha estudante da Universidade de Lisboa, quería facer unha memoria

de licenciatura sobre unha fala de Galicia, porque aquí nacera, despois de buscar quen a aconsellara, un día deu con Cunqueiro, que lle dixo que Cambados era o lugar ideal para ese traballo.

Esa licenciada pasou aquí o Nadal do 64-65, onde os informantes a obrigaban a beber "tragos de albarinho" para selar a amizade, con protestas do seu fígado "a essas constantes 'tacinhas' que tão agradáveis eram!"; e logo dunha nova estadía, redactou a memoria Cambados, palavras e coisas que defendeu en Lisboa no 1966. Desde hai anos gardo como ouro en pano unha fotocopia dese traballo inédito, que me mandou unha colega do Centro de Lingüística lisboeta, un documento único sobre a fala e aspectos da cultura cambadesa de hai 50 anos. Segundo esa estudosa, daquela os viños máis aprezados en Cambados eran o albariño e o espadeiro; e despois os viños do país de cualidade inferior: neghrón, mensía, mouratón, caíño, catalán (roxo, blanco e neghro) e loureiro, que sempre é tinto, dicía ela.

5. Cunqueiro ten unha rúa na parte nova de Triana, a carón da de Celso Emilio Ferreiro, outro asiduo á Festa como Emilio e Xosé María Álvarez Blázquez ou Plácido Castro; no 2011, centenario da súa morte, dedicóuselle o Albariño (no cartel está el no palco na cata derradeira en Fefiñáns, cerca da muller de Balboa), houbo conferencias e unha exposición sobre Cunqueiro e esta Festa. Daquela, Maribel Iglesias preguntaba no seu blog: *Por que non se lle dedica a el unha estatua?* Eu hoxe fago miña esa pregunta.

Como ramo do pregón quero ler uns versos de Omar Khayyam, astrónomo e poeta persa dos séculos XI-XII, que cantou o viño e o goce de cada instante, dada a finitude da existencia humana:

> Escoito dicir que os amantes do viño serán condenados.
> Non che hai verdades, pero si mentiras evidentes.
> Se os amantes do viño e do amor van para o Inferno,
> debe estar baldeiro o Paraíso.
>
> Bebe viño! Lograrás a vida eterna.
> O viño é o único filtro que pode restituírche a xuventude.
> Divina estación das rosas, do viño e dos amigos sinceros.
> Goza este fuxitivo instante que é a vida.

Bebede con sentidiño e gozade da rica oferta cultural e musical desta Festa albariñense; e os que sexades de fóra, cando pasen estes días, volvede para gozar de Cambados, da súa riqueza monumental, paisaxística e gastronómica e da súa tranquilidade.

Viva a Festa do Albariño, príncipe dourado dos viños!
Saúde e Terra, irmáns e irmás!


VOLANDEIRA


CARBALLEIRAS


OS XEITOSIÑOS





CON DE XIDO

